

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO VII — NÚMERO 192 — 12 SETEMBRE 1923

## O CONCELLER CASANOVA

*O día 11 do corrente mes de Setembro, o conscente pobo barcelonés, na representación de Cataluña enteira, volveu á rendil-a ofrenda anual á gloriosa memoria do insigne patrio cuxa estatua érguese no "Salón de San Juan".*

*Nese merecido e xusto tributo de respecto ao patriota latorxan as ansias redentoras de aqueles que consagraron un altar á quen loitou denodadamente pol-os "fueros" da súa patria, que derramou o seu sangue xeneroso pol-a santa causa e que, desterrado pol-o vencedor, foi morir en terra allea por seguir sendo leal aos deberes do seu honroso e alto cargo popular.*

*Nesta patriótica conmemoración na que se afirman cada vez máis as ansias reivindicadoras d'un pobo, unímonos nós os galegos con todo o noso corazón aos irmáns ben amados de causa cataláns e lles tendemos as mans de amigo á través do territorio peninsular.*

*Tamén nós sentimol-as mesmas aspiracións que a maioría das vellas nacionalidades que compoñen o caduco e impotente Estado hespañol. Tamén nós comulgamos nos mesmos ideais redentores e por eles vimos traballando sen acougo.*

*Nas follas da nosa historia, tanto naqueles días esfumados nas brétemas do pasado, como noutros máis pretos aos nosos, Galicia deu mostrar abondo de canto e que grande é o seu desexo de vivir-a vida libre que fai grandes os Estados, facendo grandes aos pobos.*

*Non desmayemos na nosa santa obra, como non desmayan os cataláns nin bascos nin outras nacionalidades ibéricas, e queiran os ceos chegue presto o día en que todos poidamos ofrendar diante os moimentos dos mártires das nosas liberdades non tristes frores, recordo de infortunios, senon os brillantes loureiros do trunfo.*

*Ese será o día máis grande da súa historia para toda Hespaña.*

*Con motivo d'aquel acto de cidadanía no que toma parte toda Cataluña, ocorreu un desagradable incidente producido pol-a incultura dos representantes do Goberno que viron nas bandeiras galega e basca, que figuraban na manifestación, bandeiras enemigas que quixeron quitar para destruílas. O pobo impediuno, e a forza salvaxe dos axentes do Estado acometeu á sablazos, producíndose nunha forma violenta, brutal, que merece a censura de todas as persoas sensatas.*

*Protestamos contra ese proceder, que, ese si, é enormemente separatista; inda que debéramos nos alegrar de que os representantes do Estado podre contribuyan á nosa campaña, porque estimamos que combater á sabrazos o amor ás nacionalidades propias non é o medio mellor de conseguir que se ame o conglomerado híbrido, a lameira apodrecida, que hoxe chámase Hespaña.*

## C O U S A S

"Aberi", de Bilbao, publicou fai días un mapa da península ibérica. Señalaba en negro as nacionalidades que máis acusada teñen a súa personalidade, que son todas as que forman a periferia. Cataluña con Valencia, Galicia con Portugal, Euzkadi. Quedaba a Hespaña castelán no centro con unha saída ao mar por Andalucía. A Hespaña centralista, aparecía no mapa rodeada de pobos que sinten arelas de vida, que cobizan vivir con liberdade e nos que máis despois está ese sentimento que é o nacionalismo.

N'un artigo do mesmo número ademitía a posibilidade de que n'un día eses pobos unidos n'un desexo común teñan que arrecadar as armas para defender a súa existencia de cote atentada pol-os pobos do centro. Efectivamente, Cataluña atópase xá en condicións de o facer. Os cataláns que consideran a Valencia como parte do seu pobo, como efectivamente é, veñen xá pódose en relación con eles. Euzkadi desperta cada día máis ao nacionalismo. Galicia, en cada momento máis relacionada con Portugal, vai sentindo tamén a necesidade de se sentir nacionalista, aínda que o nacionalismo organizado non teña a forza que deba ter por comenencia propia.

Craro é que, non é hoxe aínda cando pódese facer o que "Aberi" preconiza, pero todo fai supoñer que chegará un

día en que a cousa teña efectividade. A medida que o nacionalismo vaise extendendo nos pobos indicados, máis próximo estará aquel día. A creación da "Triple Alianza" ven a demostrar que a idea xá existe, aínda que dende logo non poida pol-o de agora se levar a cabo. Hai unha identificación de pensamento nos nacionalistas de cada pobo.

Eu creio na posibilidade d'aquel momento e máis aínda se a situación actual continúa máis tempo. E dicir. Se a Hespaña tal como está organizada e dirixida continúa por máis tempo a súa agonizante vida porque continuando así cada vez avivarase máis o sentimento nacionalista e arredista nos pobos que teñen personalidade propia e non queren ser culpabres do desastre final, facendo ao mesmo tempo canto poidan por se salvar do derrumbamento. Un derrumbamento que haberá de pillar aos pobos que ou ben por falla de previsión ou por estaren máis sometidos á Hespaña castelán non sepan ou non queiran se salvar a tempo. De que eles salgan perxudicados ninguén máis que eles mesmos teñen a culpa, pois non queren prestar atención ao chamamento que os nacionalistas vímoslles facendo. E xá vai sendo hora de se sentir egoístas e pensar somentes en nós mesmos aínda que non deixemos de reconocer que a mesma Castela é un dos pobos máis perxudicados pol-o estado actual.

No desexo de facer cambiar a situación actual de Hespaña non cabe dúbida que hai que botar man d'aqueles po-

bos que figurando n'ela esteñan menos agotados e conserven mais latexante unha arela de vida. E non cabe dúbida tampouco que eses pobos son os que arrodean á Hespaña castelán, pois a ésta pasoulle xá o tempo, o mesmo por estar formada por pobos que xá non teñen enerxías, que por teren exercido durante séculos unha hexemonía que era moi superior ás súas forzas. O pobo castelán é un pobo imperialista e xá pasaron, para non voltar, os tempos do imperialismo. O sepulcro do Cid Campeador áchase pechado e ben pechado. A salvación da península radica nos pobos que viven a carón do mar pol-o que reciben unha vitalidade que non chegan a abranguer, nin a entender siquera, os pobos que non teñen máis que terra, unha terra ardente é árida que abrasa total-as enerxías. Se é certo que hai pobos que están chamados a desaparecer e mais aínda como pobos directores eu vexo a desaparición de Castela e do seu espírito n'un prazo que eu coído breve.

Decía antes que a única saída que lles queda aos pobos do centro é pol-o Sur, poi Andalucía. Non sei. Supoñamos que Hespaña continúa como hasta hoxe e que pol-o tanto continúa tamén a campaña de Africa. Bueno. Pois supoñede tamén aos mouros pechándolles a única saída que lles queda. Invaden a península pol-o Sur e... non digamos o que pode pasar.

Mais eu coído que e-o non chegará. Penso eu que a situación actual terá desaparecido denantes. E se non fora así se seguirá o mesmo e chegara o momento, paréceme que non habería necesidade de arrecadar as armas porque se os pobos do centro fan un reconto de forzas atoparíanse con que non lles quedaría máis remedio que ceder. Mais se así non fose, se eles empeñáranse en nos facer a guerra, entón... entón falaríamos. Certo é que todo isto que fica dito é falando do futuro, pero se non pode negar que ten xeito de realidade e probabilidade se ollamos ben as cousas que están sucedendo.

Pol-o si ou pol-o non, estemos sempre atentos ao que poida pasar e vexamos na constitución da "Triple Alianza" unha posibilidade de que aquilo suceda e tamén o comenzo d'unha nova etapa dos nacionalismos peninsulares, que eu penso haberá de tragner para todos e moi especialmente para o noso, días de trunfos e adiantos, pero tamén de loitas que debemos agardar todos ben preparados e con fonda ansiedade. Que non nos collan co'as mans nos petos.

VICTOR CASAS.

## FESTAS GALEGAS

### EN MONDARIZ

Como todol-os anos, celebróuse no mes derradeiro unha festa galega no Balneario propiedade do noso querido irmán Enrique Peinador. Consistiu en dúas conferencias que pronunciou o noso distinto e querido amigo D. Anxel del Castillo encol do "San tGrial do Cebreiro" e da "Riqueza monumental e artística de Galicia".

Sabendo os conhecimentos que acerca dos temas tén o culto escritor galego, excusado é falar da importancia das dúas conferencias.

Castillo foi moi felicitado por todos cantos tiveron a dita de asistir aos dous actos. A esas felicitacións engadimos a nosa moi cordial. Castillo sabe ben canto o queremos e admiramos pol-a patriótica labor que dende a súa mocidade ben realizando en favor da nosa cultura artística.

Aproveitamos esta ocasión para llo facer presente unha vez mais.

Novamente enviamos ao querido Peinador o noso aprauso entusiasta pol-a súa obra fundamente galeguista e patriótica.

## ARREDOR DE MARROCOS

### Débase romatar d'unha vez

A sublevación de Málaga abríunos os ollos. Agora comprendemos por qué se mandaron ás estacións dos camiños de ferro, por qué se meteron nos trens centos e centos de homes armados e sen xefes. Buscouse de intnto un feito punible, que puido ter fatales consecuencias, sen dúbida para atopar alguén en quen castigar, en quen vingar os desastres e as torpezas de ministros e altos xefes así civís coma militares. D'este xeito as responsabilidades virían caer sobre uns infelices soldados insubordinados. Sen dúbida para mellor lograr eso tamén, despediuse aos expedicionarios nos cuarteltes, dándolles vino á fartar... ¿E terían callo para ordenar o fusilamento d'esos disgraciados? ¿Non pode considerarse esa insubordinación como o feito natural do abandono en que deixaron os xefes á eses homes, que ademais tiveron que recorrer grandes trayeitos nunhas pésimas condicións?

Esta é unha torpeza mais, unha ineptitude mais dos gobernantes e dos técnicos da guerra. E co'estas cousas, que indinan, e coas mortes constantes que sufrimos, mortes por balazos quizáis menos que por miseria, que esgazan as entranas coa dór, a guerra de Marrocos vai sendo cada día mais impopular, cada vez mais odiada.

¿E qué se vai facer, se no Rif mais e mais afínca o odio á Hespaña, e con mais carraxe combátese á cada paso ao par que con mais elementos e mellor táctica, se aquí tamén aborrécese esa guerra maldita?

¿Qué se vai facer, se namentres os mouros adquiren ametralladoras, cañons e bombas de man, os nosos carecen de camions automóbiles e teñen que facer á pé as longas xornadas, as rudas xornadas já pé baixo un sol de fogo e cargados con toda a impedimenta de campaña! e non teñen nin auga para se lavar nin tendas para durmir á cuberto?

¿Qué se vai facer, se para lograr levar un convoy á algunhas posicións tárdanse oito días, pérdese moita xente, e coase nen xente hai xa nas posicións senon esqueletes cando chegan os socorros?

¿Qué se vai facer, se os nosos mesmos aeroplanos bombardean as posicións hespañolas?

¿Qué se vai facer, se os barcos da nosa cativa escuadra, cando intentan axudar a acción do exército, pérdense pol-a torpeza dos nosos marinos?

¿Qué se vai facer?

Imponse o xuicio sereo, o convencimento de que non hai directores capaces de levar á cabo non xa o proteitorado, como era a nosa obriga, nen siquera a conquista do Rif á que parez que os nosos políticos e os nosos militares son mais afeizoados; e pol-o tanto é necesario, é imprescindibre romatar d'unha vez co'esa funesta aventura maldada de Marrocos.

O pobo encomeza á pedilo así; logo esixirá. A voluntá do pobo impoñeráse e a guerra ten de romatar.

XAVIER FRAGA.

**A NOSA TERRA precisa ter corresponsás ademistrativos en todol-os pobos da Terra**  
**Quen queira prestar unha pequena axuda á nosa patriótica obra dirixase ao administrador do noso boletín, quen donará detalles e as condicións de retribución. Pouco traballo leva isto aparelado e en troques pódese facer moito pol-o ben da Terra e da Causa nacionalista**

# DE ARTE

## EXPOSICION DE ARTE GALEGO

No Concello da Cruña está aberta a terceira Exposición de Arte Galego. Concurren a ela mais de corenta artistas da Terra, dende os mestres hasta uns cantos animosos rapaces que comenzan. Visitamos a Exposición e sinceramente falando atopamos n'ela cousas moi boas e algunhas verdadeiramente malas. O desexo de alentar aos nosos artistas, sempre por nós manifestado, impídenos dicir os nomes dos que ao noso xuício enviaron obra que moito mellor estarían onde ninguén as vise para evitar a crítica que acerca d'elas veñen formando cantos visitan a Exposición.

Coidamos en xeneral que esta Exposición non chega a se lle igualar á celebrada no ano 17. N'algúns expositores atopamos que en troques de ir para adiante, camiñan para atrás e non paseniñamente. Moitos por sentírense atacados d'un "modernismo" que aínda non chegamos a comprender e quixéramos ver desaparecido dos nosos artistas.

Sinceramente falando, coidamos que destacan por enriba de todos e non en total-as suas obras, Castro Gil, Navarro, Sotomayor, Imeldo Corral, Abelenda, Llorens, Camino, Nombela, Camilo Díaz, Bello Piñeiro, Sobrino e quizais algún outro. Agora que a casi todos eles vimos cousas millores que as que agora expoñen. Na escultura sobresalen notadamente o gran Asorey co'a sua maxistral Ofrenda a San Ramón", que coidamos é a mellor obra de cantas figuran na Exposición, e o malogrado Madariaga. Bonome, co'as suas caricaturas en madeira gústanos e ollamos n'él un rapaz que promete moito. Indalecia Díaz e Villasenín non están mal.

Parece que algúns expositores están queixosos pol-a preferencia que se lles deu a algúns. Non queremos meter-nos no asunto que sempre é escabroso. Pero en honor á verdade, queremos dicir que na sala de honor figuran varias obras de Seijo Rubio, que están ocupando un sitio precioso para poñer n'él outros que ollamos en sitios onde non é fácil vel-as. Non sabemos nin nos explicamos porque Seijo Rubio aparece sempre entre os que verdadeiramente valen. E un gran calígrafo, pero en canto ao outro xá fai tempo que pensamos debéra esnaquizar os pinceles. Pinta mal e ten moi mal gusto para escoller os asuntos. Falamos sinceramente. ¿Por qué non dicir en letras de imprenta o que todo o mundo di en voz baixa? Perdóne o Sr. Seijo Rubio que nos deteñamos tanto n'él, pero é que queremos aproveitar esta ocasión para lle dicir o que nós ouvimos en todas partes e co que estamos de perfecto acordo.

De todas maneiras, non nos desagradan estas manifestacións de arte e quixéramos velas con mais frecuencia e se poidera ser quitándolles certas faltiñas que desmerecen moito a boa obra.

Un aprauso aos organizadores.

## EXPOSICION IBERICA DE FOTOGRAFIA

Ao mesmo tempo no "Circo de Artesanos" celébrase unha Exposición ibérica de fotografía, organizada pol-a "Sociedad Fotográfica" da Cruña.

Parécenos un verdadeiro e comprobante éxito. É a primeira que d'este xeito celébrase na Hespaña e asisten a ela fotógrafos e aficionados de varios puntos de Hespaña e Portugal. Hai cousas verdadeiramente fermosas e ben feitas e parécenos que casi non hai ningunha que desmereza das outras. Os aficionados cruñeses están admirabilmente representados. Visitamos a Exposición varias veces e saímos verdadeiramente encantados.

Esta Exposición constitúe un gran éxito para a "Sociedad Fotográfica", á que enviamos un aprauso e unha embora moi cordiás ao mesmo tempo que alentámol-os para que prosigan en tan boa e artística labor.

## OS NOSOS POETAS

### Ramón Cabanillas

Vemos pol-a prensa galega que o noso meirande poeta actual, o poeta da raza, vai emprender novamente o camiño do desterro para facer frente á vida que na sua terra amóstrase fosca e despiadada.

Todol-os diarios din que eso sería un baldón para Galicia, mias, que seipamos, nen un só ofreceulle o agarimo d'un lugar na sua redacción; nen un só facilitoulle un emprego decoroso, d'esos que tantas veces se lle conceden a algúns periodistas de menor cuantía.

Sería unha perda enorme para Galicia que Cabanillas tivese que sair novamente dos patrios lares amargurado por non ter un medio de vida dino do gran poeta, e nós tamén quixéramos poderlle ofrendar ao noso admirado irmán algo que impedise o seu alonxamento da nosa beira, mais, así como a maoría dos que gaban e ademiran a Cabanillas non mercan os seus libros de versos, aqueles que realmente adequirimos como un tesouro de beleza e emoción as suas delicadas producións, os que o comprendemos, non temos poder nen medios para impedir esa marcha.

Esa marcha que é para nós tan dórosa, como pode sela para o irmán Cabanillas.

E todos eses que choran bágoas de cocodrilo; que alaudan ao poeta mais que se negan á publicar nas columnas dos seus periódicos os versos *galegos, galeguísimos*, do gran poeta, é mellor que calen...

## SOBRE A ORTOGRAFIA GALEGA

### ¿Cómo unificala?

Hai 50 escritores galegos, algúns xa vellos e outros novos, que escriben coa mesma ortografía, e hai outros 10 escritores, todos novos, que escriben cada un á sua maneira, inda que todos eles din que é necesario unificar a ortografía galega e cada un declara que a sua forma é a mellor.

Hai unha *Gramática do Idioma Galego* perfectamente escrita e razonada, na que se usa a ortografía dos 50 escritores, que é a adoutada por eles despois de fondos estudos e longas discusións nas que tomaron parte (d'esto hai algúns anos naturalmente), Murguía, Pondal, Curros, Salvador Golpe, Tettamancy, Marcial de la Iglesia, Vaamonde, Carré Aldao, Martelo Pauman, Luguís e algúns mais que non lembramos. (1)

¿Qué medio será mellor empregar para lograr a unificación da nosa ortografía?

Nós coidamos que o mellor é que cada un esqueza un pouco da sua fachenda e se rebaxe á estudar a *Gramática do Idioma Galego*.

E conste que non é reclamo, senon verdadeiro amor á Galicia e á nosa fala.

(1) As diferencias que se notan nos primeiros libros d'estes escritores son debidas á que daquela toda non se fixera a unificación. Nos derradeiros escritos todos usaron a mesma forma gráfica, que foi adoutada tamén pol-a Real Academia Galega.

**Nas escolas en que se prohibe aos nenos falar no idioma da Terra mátase o sentimento da Patria e incúlcase nos alumnos o desprecio á propia personalidade**  
**As "Escolas do Insino Galego" tenden a facer homes e non parias**

DO NOSO IDEARIUM

## A fala nos une e nos alenta

*Fálame nesa lingua melosiña  
que celestiaes armunias tén;  
fálame no linguaxe da Terraña  
s'é que me queres ben.*

V. LAMAS CARVAJAL.

¡Fálame no linguaxe da Terraña si é que me queres ben!  
Fixádevos nesta frase. Vede que ela garda en sí toda unha ideoloxía: toda unha cobiza de persoalidade e de amor.

Na intimidade, nos mais fondos afectos, en canto constitúe o sentimento do propio ser: en agarimo, en ideal, en espírito, xurde a fala "nosa", a única capaz de nos producir todo o entusiasmo e toda a emoción das espresións; toda a forza e valor das verbas.

Por eso cantos usamos a mesma fala estamos mais unidos; porque a fala é agarimo d'un para con os outros, é amor, é irmandade.

E tamén sino da nosa persoalidade inconfundible que nos alenta á laborar pol-o engrandecimento da Terra, da Patria nosa.

Vede na contra todos os que pretenden se mofar de nós ou nos combater ¡malpocados! teñen o cerebro esmagado pol-as frases d'un maeso ñorante ou d'unha criada inculta que lles fixeron creer que o falar galego é cousa ordinaria, cousa baixa, despreziable.

Incapaces de discurrir por conta propia, non comprenden que non é a fala o que fai ordinarias e despreziables ás xentes senón os seus feitos e as suas verbas.

¡Cómo vai ser ordinaria a fala en que o Rei Sabio cantou en louvor da Reina dos Ceos!

¡Cómo vai ser despreziable a fala en que a nosa Santa Rosalía se fixo venerada por todol-os galegos cultos e conscentes!

O medo, o ridículo e torpe medo á parecer *xente baixa e ordinaria* é o que contén á moitos para se non espresar no idioma da Terra, na "lingua melosiña que celestiaes armunias ten".

Mais eso acabou. Agora que esa falsa creencia está tan enraizada no vulgo ñorante, é precisamente cando por falar gallego distínguense as xentes verdadeiramente nobres e cultas, as xentes que teñen un ideal de grandeza espiritual. E usan o idioma patrio cos queridos, na intimidade, coas espresións mais tenras do cariño verdadeiro; e tamén en todol-os actos mais santos e nobres da sua vida, así como na labor que adican ao engrandecimento da Terra nai, non poden empregar outra fala que a galega, que é a que mais alenta, a que mais eleva aos propios ollos e ante os íntimos sentimentos o concepto da nosa persoalidade.

LEANDRO CARRÉ.

Fume vostede con papel

# NOROESTE

## ¿Temos de ser políticos...?

Fai xa tempo que entre as diversas entidades nazionalistas galegas, vense comentando e discutindo en col de asunto tan interesante como o de intervir ou non en política.

Convén facer constar que n-ista vida realmente todo é política, xa que forzosamente van tan ligados todos os asuntos da nosa terra e de tal maneira que en calquer aspecto que se olle ficamos de feito metidos en política, razón pol-a que indiscutiblemente a nosa actuación ten de ser política.

Agora ben, a isto din algú, que política, sí, tense que facer, pero que non estamos aínda ben preparados para poder autuar rexamente en política activa, que non coñecemos aínda a fondo total-as martigalas e retrucos e demais latifundios que empregan os caciques para gañal-as eleccións, e que mais que nada non contamos aínda con forzas propias d-abondo nos distritos para sacar trunfantes aos candidatos que poidéramos presentar nas eleccións que fosemos á loita.

Todas estas razóns caen polo- seu propio peso.

Para ir a unha loita eleitoral necesítanse homes, e non doncellas, e unha boa mostra d-ela e que a Irmandade, a primeira vez que foi ás eleccións municipais na Cruña, soupo sacar trunfante, a pesar das malas artes empregadas en contra, o seu candidato, que aínda hoxe séntase no Concello cruñés.

Quedamos, pois, en que únicamente necesítase para elo o ter unha mui forte forza de vountade, pois o demais ven de seu.

Vendo, pois, todo isto, penso eu que si en total-as cidades e vilas galegas oubera concellaes nazionalistas, conquistaríamos axiña un feixe de cousas que d'outro xeito estamos mui lonxe de podel-as ter e vou a facer unha pequena relación das cousas que de momento se me ocorre poderíamos chegar a abranguer con relativa facilidade.

I. Que os concellaes nazionalistas falasen en galego nas sesións.

II. Que en todol-os Pazos dos Aumentamentos se puxera a Bandeira Galega.

III. Conquerir das escolas municipais ou as que tivesen axuda do Concello a cooficialidade dos idiomas, isto é, a insinanza en Galego e Castelán, porque de momento se non podría desbotar totalmente ista derradeira.

IV. Que sempre que os Aumentamentos tiveran que se dirixir ás autoridades, corporacións ou particulares que residiran na Galicia o fixeran na nosa lingoa.

V. Que todol-os letreiros das nosas ruas e dos edificios municipais estivesen en Galego.

VI. Que no réxime interno do Concello se falase en Galego.

VII. Que todol-os impresos e papés sellados se fixeran en Galego.

VIII. Que nas concesións que fixera o Concello se impuxera aos concesionarios o Idioma Galego.

Habría aínda moitas mais cousas que propôr co-as que temos de estar d-acordo todol-os nazionalistas galegos, ain-

da que aqueles que algo poideran falar por se sentire cecais despeitado.

Quedamos, pois, en que é necesario autuar en política, eslabacei uns poucos aspeitos e inda quedan outros moitos tales como canto se refire en col do Arte Galego, Pintura, Teatro, Cencias, Arquitectura, o Problema do Agro, etcétera, etc.

Pois, meus amiguiños, todo isto non se chagará a ter senón indo aos Concellos, e cantos mais millor.

¿Debemos ou non debemos ser políticos?...

FEDERICO ZAMORA.

## A "Triple Alianza Nacionalista"

Como xá viñemos falando nos números derradeiros, o 11 dos correntes celebróuse a primeira reunión en Barcelona para constituir a "Triple Alianza", que forman os nacionalistas de Cataluña, Euskadi e Galicia.

A "Irmandade da Fala" mandou aló aos irmáns Zamora e Souza, delegados exprofesamente, aos que acompañaron aos actos celebrados algúns nacionalistas galegos residentes en Barcelona. A bandeira da nosa Irmandade foi levada aló pol-os nosos irmáns e figurou nas manifestacións e actos celebrados.

Hasta agora non podemos facer mais que enterar aos nosos lectores da parte activa que nós tivemos n'aqués actos. Os nosos delegados véñennos falando do enorme entusiasmo que reinou en Barcelona con motivo dos actos que se levaron a cabo.

Dende aquí cursáronse moitos telegramas ateigados de entusiasmo. Os nosos representantes levaron unhas proposicións das "Irmandades da Fala" para someter á aprobación da asamblea.

Como os nosos irmáns non voltaron, aínda nada mais podemos dicir hoxe. No número próisimo adicaremos a falar longamente de canto aló pase e dos acordos que se poidan facer públicos, que se tomen na asamblea que ollamos como algo xurdio que tragará grandes trunfos para o noso movemento santo e patriótico.

**A cultura fai os pobos libres. Axudando as "Escolas do Insino Galego" traballades pol-a libertade da Patria**

**As "Escolas do Insino Galego" á par que unha cultura xeneral darán aos homes de mañán unha Patria de que agora carecen**

**Sombrerería LEMUS**

**San Andrés, 74 A Cruña**

**Papel de fumar**

**NOROESTE**

Tip. EL NOROESTE, Real, 26

## En poucas verbas

O xornal "agrario" da Cruña, con motivo do nomeamento de ministro de Portela Valladares, adícalle unhas verbas de agarimo, facendo resaltar a sinificación agraria e galeguista de Portela. Está ben e coidamos que as merece.

Pero non fai aínda tantos anos que algúns dos propietarios e inspiradores do xornal "agrario" foron a Tuy a loitar contra Portela, defendendo ao conservador Ordóñez por mandato do caciquillo cruñés Pepito del Moral. Por certo que a ún d'eles saleulle o tiro pol-a culata.

Francamente, non comprendemos estos troques tan repentinos.

¿Non vós parece, distintos homes públicos, que vaí sendo hora de se definir, porque, francamente, nadar entre dúas augas tan diferentes pode traer un afogamento definitivo? Pol-o voso intrés vol-o aconsellamos.

\* \* \*

O Concello de Tarrasa acaba de acordar que no seu edificio ondee somentes a bandeira catalana e non co'a hespañola, como algúns concellás pretendían. O acordo tomóuse por bastante maioría e en medio de grandes protestas por parte dos rexidores hespañolistas.

¿Qué exemplo, Concellos galegos! ¿E aínda será capaz de negar agora o xefe do Goberno de Hespaña que en Cataluña non existe o problema arredista!

¿Vaia cos gobernantes que lle caeron a la MADRE PATRIA!

\* \* \*

Houbo crisis e saiu Gasset do Goberno. ¿Adiós a construción do porto de Vigo!

Vigueses que o votáchedes: ¿estavos ben empregado, por parvos!

A ver se para outra vez tende: mais pupila.

## Escolas do Insino Galego

Para ter ao corrente da marcha d'ista obra patriótica aos nosos lectores, publicamos a continuación a primeira lista de socios protectores, pol-a que poderán decatarse do fondo entusiasmo qu'iste noso proieuto despertou nos bós galegos:

- D. Federico Zamora, 5 pesetas.
- D. Anxel Casal, 5.
- D. Manoel Roel, 5.
- D. Manoel Lúgrís, 5.
- D. Leandro Carré, 2.
- D. Víctor Casas, 5.
- D. Xoxé Baldomir, 2.
- D. Francisco Abelaira, 5.
- D. Xuan López Vázquez, 2.
- D. Antón Alvarez, 2.
- D. Benito Rodríguez, 2.
- D. Benito Ferreiro, 2.
- D. Xerardo Faraldo, 3.
- D. Manoel Lemus, 2.
- D. Federico Rodríguez Chás, 2,50.
- D. Luis Somoza, 2,50.

- D. Fernando Blanco, 3.
- D. Carlos Monasterio, 5.
- D. Enrique Rodríguez Sabio, 5.
- D. Tomás Rodríguez Sabio, 5.
- D. Xulio Pita, 2.
- D. Florentino L. Cuevillas, 2.
- D. Luis López Abente, 2.
- D. Xosé García Acuña, 3.
- D. Xoan Vidal Martínez, 2,50.
- D. Lois Amado Carballo, 2.
- D. Xoan Antonio Vela, 5.
- D. Xosé Lesta Meis, 2.

## LECTURAS

*Revistas e xornás.*—Seguimos recibindo periódicamente "Terra", "Correo de Galicia", "Heraldo Gallego", de Bós Aires; "Galicia", da Habana; "Nós", de Ourense; "L'Estat Catalá", "L'Estevet", "La Veu de Catalunya", de Barcelona; "La Voz del Campo", de Marín; "La Zarpa", "La Región", "El Diario de Orense", de Orense; "Galicia", de Vigo, e outros mais.

*Aberri*, de Bilbao.—Comenzamos a recibilo orgo dos arredistas baskos. Fala de nós en casi todol-os números e copia notas de A NOSA TERRA. Saudámolo con agrarimo de estreita irmandade.

*Diccionario Gallego-Castellano* da Real Academia Gallega.—Pubricouse un novo cuaderno que comprende de *Bicho á Botar*. Recomendamos á todol-os escritores galegos

que non deixen de se suscribirse á este notabre e indispensable diccionario.

*A Aguia.*—Porto. (Número homenaxe a Guerra Junqueiro).

Recibímol-o fermosamente editado e fondamente interesante. Trai artigos de Unamuno, Carracido, Ribera y Robira, Coimbra, Brandas, Teixeira de Pascoaes, Vila-Moura, Melo Freitos, Malheiro Dias, Hernani Cidade, Paulo Freire, Teixeira Rego, Alberto Pimentel, Phileas Lebesgue, Mario Beizas.

Trai tamén dous fermosos retratos de Junqueiro de Pedro Duarte e Antonio Carneiro.

Leímol-o con devoción e gardámolo cuidadosamente.

*Céltiga.*—Ferrol.

Púxose á venda o número 13, que pubrica unha noveleña de Cabo Pastor, que titula "Sempreviva". Trátase d'unha noveleña moi entreteñida que honra ao seu autor, tan conocido na literatura galega. Leva unha fermosa portada da que é autora a señorita María Cabo, filla do autor de "Sempreviva".

O número 14 de "Céltiga" publicará unha lenda de Risco, ilustrada por Castelao.

*Trebón.*

A editorial "Céltiga" acaba de imprentar a segunda edición do fermoso drama de Cotarelo, que tanto éxito conqueiriu no seu estreno do que xá temos falado.

Cómprenos hoxe adicar un aprauso a editorial "Céltiga" por esta obra en pro da nosa literatura.

"Trebón" leva unha portada de Imeldo Corral e véndese nas librerías ao preçio de 3 pesetas.

## CAMILO DIAZ BALIÑO

Huertas, 37

Santiago de Compostela


### TALLERES DE PINTURA DECORATIVA

Decoraciós pra Teatro en papel especial e tela con duas ou mais transformaciós -- Especialidade en asuntos e paisaxes gallegos -- Decoraciós pra Teatros pequenos e salós familiares --

Pantallas especiaes pra Cine -- Construcción de Carrozas e Arcadas para festas

Traballos de propaganda -- Restauración e decoraciós d'Altars e imáxines

Construcción de Monumentos de Semana Santa -- Paneaus decorativos e decorado de Salós en todos estilos, ao óleo y ao temple-- Imitación de tapices con asuntos de pinturas antiguas e modernas :: PREZOS ECONOMICOS



Edificio do Kiosco Alfonso - Paseo de Méndez Núñez

### Kiosco Alfonso

Situado no centró do paseo de Méndez Núñez  
É o preferido do público. O mellor local de verano

### Gran Restaurant NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor

Luxosa instalación

Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

# NOVELTY

**Planchadeiro de moda - Grandes talleres**

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

*Despachos centrais:* A CRUÑA, Cantón Pequeno 12  
VIGO, Praza da Constitución, 12

*Sucursás na Cruña:* Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

*Sucursal en Vigo:* Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e-espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandár os seus encargos.

Os viños e coñás millores  
os que exporta a casa PEDRO DOMEQO de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto  
de mundial e reconecida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa  
non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

**R. López de Heredia (Haro)**

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

**JOSÉ C. JUNCOSA**

Galera 39 e 41 - 2º piso-A Cruña

# BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millóns de ptas.

Dirección telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérída, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todol-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	à	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	a 3 meses data.
2 3/4	por	100	id.	id.	a 6 id.
3	por	100	id.	id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

# Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (inercida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano . . . . .	4	"	"
A máis prazo . . . . .			convencional

Dirección telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# Vida Marítima e Comercial



## Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROXIMAS SAIDAS DA CRUÑA

HOLM 6 de Octubre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60

Idem en camarotes pechados..... 442'60

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde*.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.



## Sud-Atlántica

## Chargeurs Reunis

PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices,

**Precios en terceira crase (incluídos impostos)**

15 Septiembre	CEYLAN	Ptas. 412,60
29, Septiembre	FORMOSE	Ptas. 412,60
8 Octubre	MOSELLA	Ptas. 412,60
13 Octubre	AURIGNY	Ptas. 412,60
27 Octubre	DESIRADE	Ptas. 412,60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxelos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e café cuberto, independentes. Precio n'esta clase: é o corriente de terceira máis un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salóns de conversación e cantinas: o precio de 442'60 ptas. incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas instalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerais en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

## Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires.*

Precio en terceira cras (incruídos impostos)

Correo rápido	<b>Gelria</b>	22 Septiembre	435 ptas.
Correo rápido	<b>Orania</b>	6 Octubre	435 ptas.
Correo rápido	<b>Zeelandia</b>	22 Octubre	425 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, intermedia e 3.<sup>a</sup> crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servizo dos mesmos Camareros, Enfermeiros e Cocineros hespañoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maiores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións argentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario. Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

## Sobriños de José Pastor

**BANQUEIROS**

**Casa fundada en 1776**

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

**Fernández, Torres y C.ª**

**Casa central: A CRUNA**

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78  
Interurbano 49

**VIGO**

Urzáiz, número 1 Teléfono 253